A CAIDA DA FOLLA

OUTONO 2020

CANDIDATURA OFICIAL DE ESPAÑA A PATRIMONIO MUNDIAL 2021

MÁXIMO 9 PRAZAS POR ACTIVIDADE

Ribeira eu Sacra

CONTACTO: turismo.ribeirasacra.org
turismo@ribeirasacra.org - 638 823 592

OUTUBRO

SÁBADO 17

BENESTAR PARA ESTAR BEN (TABOADA) Agárdate un paseo terapéutico de conexión coa natureza e cunha mesma. Tranquilamente, e cos sete sentidos, iremos percibindo os arrullos do bosque, gozando cos aromas e sabores da terra, empapándonos cos sons da creación, contemplando paisaxes de plenitude e sentindo o abrazo da brisa na pel.
Prezo: 15 € / Horario: de 10:00 a 20:00 horas

SÁBADO 24

CAMIÑO DE INVERNO-VALOR ENGADIDO I (O SAVIÑAO) Percorre un tramo do Camiño de Inverno a Santiago de Compostela! Pero como non só se trata de camiñar, aproveitaremos para coñecer o patrimonio material, inmaterial e gastronómico de Ribeira Sacra. Comezamos por O Saviñao.
Prezo: 6 € / Horario: de 16:00 a 20:30 horas

RURAL SKETCH CORES DE OUTONO (A TEIXEIRA) Prepara a paleta de cores outonais que saímos a pintar! Acompañados do pintor Eduardo Baamonde buscaremos as mellores paisaxes para inspirarte.
Prezo: 15 € / Horario: de 10:00 a 19:00 horas

OLEOBUS (QUIROGA) Sabías que en Ribeira Sacra hai unha importante produción de aceite de oliva? Coñecea cun paseo polos oliveirais e participando na recollida da oliva mediante o vareo. Despois, visita á almazara e cata de aceites con pan da zona e, tras un breve xantar, visita a un taller de artesanía con madeira de oliveira e, por suposto, coñeceremos o tradicional muiño de Bendilló.
Prezo: 15 € / Horario: de 10:30 a 16:30 horas

DOMINGO 25

CAMIÑO DE INVERNO-VALOR ENGADIDO II (CHANTADA) Seguimos o noso Camiño de Inverno por Chantada. Que segredos agocha?
Prezo: 15 € / Horario: de 10:00 a 19:00 horas

CESTAS E AO BOSQUE (PANTÓN) Macrolepiotas, lactarius, boletus,... imos ao monte en busca de cogamelos, para coñecelos, distinguilos e colleitar os máis saborosos. E ademais de recollida haberá degustación, bo proveito!
Precio: 15 € / Horario: de 10:00 a 19:00 horas

SÁBADO 31

RURAL SKETCH CORES DE OUTONO (SOBER) Son tantos os recunchos que pagan a pena ser plasmados nunha lámina... Que voltamos a saír! Paleta de acuarelas con Eduardo Baamonde en miradoiros de Sober.
Prezo: 15 € / Horario: de 10:00 a 19:00 horas

BAÑO DE BOSQUE (CARBALLEDO) Edgar Terrés axudaranos a conectar cos elementos que nos regala o bosque e que teñen unha influencia moi positiva á hora de reducir a nosa tensión, ansiedade, etc.
Prezo: 6 € / Horario: de 16:00 a 19:00 horas

DE PASEO POLA HISTORIA DA POBRA DO BROLLÓN (A POBRA DO BROLLÓN) Coñeceremos a súa historia desde unha visión arqueoloxica na escavación dos Conventos e outra etnográfica nas adegas centenarias de Vilachá.
Prezo: 6 € / Horario: de 10:00 a 14:00 horas

**As actividades quedarían suxeitas a cambios de programación se a meteoroloxía ou a situación sanitaria o fixesen recomendable.*
Actividades de carácter promocional con prezos patrocinados no convenio coa Axencia Turismo de Galicia

Ribeira Sacra CONSORCIO DE TURISMO · galicia · Xacobeo 2021 · XUNTA DE GALICIA

CANDIDATURA OFICIAL DE ESPAÑA A PATRIMONIO MUNDIAL 2021

A CAIDA DA FOLLA

OUTONO 2020

NOVEMBRO

CONTACTO: turismo.ribeirasacra.org
turismo@ribeirasacra.org - 638 823 592

DOMINGO 1

DE SENDEIRISMO POLO BIDUEIRAL (MONTEDERRAMO) Un clásico do outono en Ribeira Sacra é a ruta por un dos bosques de bidueiros mellor conservados de Galicia. Os tons ocres que toma esta árbore no outono fan indispensable unha visita a este Lugar de Interese Comunitario da Rede Natura 2000.
Prezo: 6 € / Horario: de 10:00 a 16:30 horas

BAÑO DE BOSQUE (ESGOS) Edgar Tarrés axudaranos a conectar cos elementos que nos regala o bosque e que teñen unha influencia moi positiva á hora de reducir a nosa tensión, ansiedade, etc.
Prezo: 6 € / Horario: de 10:00 a 13:00 horas

LUNS 2 MÉRCORES 4

CURSO MINDFULNESS (PARADA DE SIL) Experiencia formativa con Edgar Tarrés, de tres días de duración, sobre baños de bosque, mindfulness, creatividade, felicidade,... para que as aprendizaxes poidan utilizarse a nivel persoal, empresarial, profesional ou turístico.
Prezo: 30 € / Horario: de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas

VENRES 6 DOMINGO 8

CURSO DE ORIENTACIÓN (RIBAS DE SIL) Curso de orientación en montaña con David Caballero, de 3 días de duración, comezando desde o máis básico ao máis avanzado. Para aqueles que pensan que é imposible aprender orientación.
Prezo: 30 € / Horario: venres de 17:00 a 20:00 horas; sábado de 08:30 a 19:00 horas; domingo de 08:30 a 15:00 horas

SÁBADO 7

RUTA "EL BOSQUE DE LOS CUATRO VIENTOS" (NOGUEIRA DE RAMUÍN) Queres coñecer os insólitos escenarios da exitosa novela de María Oruña? Os claustros do vello mosteiro e as súas curiosidades, o bosque privado do Parador (Bosque dos catro ventos) coa súa antiga horta e as ruínas da panadería... A casa do médico, a de Audiencias, e por suposto a igrexa, en cuxo altar se atopan as urnas creadas a finais do século XVI para os nove santos bispos, que dan lugar á Lenda dos nove aneis.
Prezo: 6 € / Horario: primeira saída de 12:00 a 14:00 horas; segunda saída de 16:30 a 18:30 horas

CAMIÑO DE INVERNO ENTRE FOLLAS E BANCAIS (A POBRA DO BROLLÓN - MONFORTE DE LEMOS - O SAVIÑAO - PANTÓN) Combinamos un tramo do Camiño a pé con outra parte en kaiak polo Miño desde a Praia da Cova.
Prezo: 15 € / Horario: de 10:00 a 18:00 horas

BENESTAR PARA ESTAR BEN (TABOADA) Espérate un paseo terapéutico de conexión coa natureza e cunha mesma. Tranquilamente, e cos sete sentidos, iremos percibindo os arrullos do bosque, gozando cos aromas e sabores da terra, empapándonos cos sons da creación, contemplando paisaxes de plenitude e sentindo o abrazo da brisa na pel.
Prezo: 15 € / Horario: de 10:00 a 20:00 horas

DOMINGO 8

OLEOBUS (QUIROGA) Sabías que en Ribeira Sacra hoi unha importante produción de aceite de oliva? Coñécea cun paseo polos oliveirais e participando na recollida da oliva mediante o vareo. Despois, visita á almazara e cata de aceites con pan da zona e, tras un breve xantar, visita a un taller de artesanía con madeira de oliveira e, por suposto, coñeceremos o tradicional muíño de Bendilló.
Prezo: 15 € / Horario: de 10:30 a 16:30 horas

SÁBADO 14

FOTOGRAFÍA NOCTURNA (PORTOMARÍN - PARADELA) O ceo, as estrelas, a maxia da noite,... Iníciate na fotografía nocturna (necesarios coñecementos de fotografía previos) ou perfecciónaa da man do experto Emilio Romanos.
Prezo: 6 € / Horario: de 16:00 a 23:00 horas

AULA FORESTAL OS TROLLOS (BÓVEDA) Isto si é mergullarse no outono! Coñece todo o proceso da xestión forestal, desde o viveiro ata os distintos aproveitamentos das árbores.
Prezo: 6 € / Horario: de 10:00 a 13:00 horas

DOMINGO 15

CAMIÑANDO NO OUTONO (A PEROXA) Descobre a marcha nórdica e goza das paisaxes do Miño camiñando dun modo diferente.
Prezo: 6 € / Horario: de 10:00 a 13:00 horas

SÁBADO 21

CAMIÑO DE INVERNO-VALOR ENGADIDO I (O SAVIÑAO) Percorre un tramo do Camiño de Inverno a Santiago de Compostela! Pero como non só se trata de camiñar, aproveitaremos para coñecer o patrimonio material, inmaterial e gastronómico de Ribeira Sacra. Comezamos por O Saviñao.
Prezo: 6 € / Horario: de 16:00 a 20:30 horas

FOTOGRAFÍA AO SOLPOR (CASTRO CALDELAS) Os solpores son momentos máxicos, pero difíciles de fotografar. Por iso, Guillermo Sotelo ensinaranos todos os trucos para conseguir plasmar nas nosas fotografías esa riqueza de tons e luces que ven os nosos ollos.
Prezo: 6 € / Horario: de 16:00 a 21:00 horas

CURSO DE TÉCNICA EN BTT (XUNQUEIRA DE ESPADANEDO) Toni Ferreiro (corredor profesional de Merida Bikes, 3 veces campión de España de descenso elite e 4 veces campión de España de Enduro elite) impartirá un curso no circuíto de descenso de Xunqueira de Espadanedo no que ensinará a depurar aos alumnos a técnica para superar saltos, curvas e trialeiras de forma segura.
Prezo: 15 € / Horario: de 9:00 a 15:00 horas

DOMINGO 22

CAMIÑO DE INVERNO-VALOR ENGADIDO II (CHANTADA) Seguimos o noso Camiño de Inverno por Chantada. Que segredos agocha?
Prezo: 15 € / Horario: de 10:00 a 19:00 horas

RUTA "EL BOSQUE DE LOS CUATRO VIENTOS" (NOGUEIRA DE RAMUÍN)* *Mesmo plantexamento que o sábado 7*
Prezo: 6 € / Horario: primeira saída de 12:00 a 14:00 horas; segunda saída de 16:30 a 18:30 horas

MÁXIMO 9 PRAZAS POR ACTIVIDADE

**As actividades quedarían suxeitas a cambios de programación se a meteoroloxía ou a situación sanitaria o fixesen recomendable.*
Actividades de carácter promocional con prezos patrocinados no convenio coa Axencia Turismo de Galicia

Ribeira Sacra CONSORCIO DE TURISMO · galicia · Xacobeo 2021 · XUNTA DE GALICIA